

As 4 aldeas

Número 89

Decembro 2024



www.fillosdeois.org

ERMIDAS E CAPELAS DESAPARECIDAS EN COIRÓS

Bo Nadal e Aninovo

Cotas sociais 2025

Convocatoria de Asemblea Xeral

Actividades no Nadal

Festa de Antroido


Renovación de portas

Imaxes da Festa do Socio e do Magosto

Festas patronais



Xosé María Veiga presentou o libro "Romarías das Mariñas", editado pola Fundación Luís Monteagudo



"A Capilla" de Xora foi unha capela dedicada a Santo Domingo.

O Globo de Betanzos caeu en Ois

Romarías das Mariñas

Homenaxe a Coirós en Xantar

Ermidas e capelas desaparecidas en Coirós

Historias de Coirós. A Santa Misión en Coirós

As 4 aldeas

As 4 aldeas é a revista da Sociedade cultural, recreativa e deportiva Fillos de Ois. Con esta cabeceira naceu en setembro de 1923 en Bos Aires, retomándose a súa edición en 1999.

Edita:

S.C.R.D. Fillos de Ois
Santa María de Ois
Coirós 15316 A Coruña

Correo electrónico:

fillosdeois@gmail.com

Páxina web:

www.fillosdeois.org

Imprime:

Vazmar - Betanzos.
Tlfn. 981 773 492

Depósito Legal: C2562-2012

A S.C.R.D. Fillos de Ois non se identifica necesariamente co contido dos artigos nin coas opinións dos seus autores.

Permítese a reprodución dos contidos publicados sempre que se cite a súa procedencia.



FILLOS de OIS

FESTA DO ENTROIDO

Para o ano entrante voltaremos a celebrar o Entroido. A data aínda está por determinar, pero daremos aviso dos pormenores da actividade polos medios habituais (carteis, páxina web e redes sociais).



BO NADAL E ANINOVO



*A Xunta Directiva deséxalles a todos os Socios e Socias de Fillos de Ois e aos seus familiares un BO NADAL e un FELIZ ano 2025
Faise extensivo este desexo a todas aquelas persoas, organismos e entidades que veñen colaborando con esta Sociedade e coa súa Xunta Directiva ao longo do ano na realización das diversas actividades sociais.*

COTAS SOCIAIS 2025

A partir do día 1 de xaneiro xa estarán ao cobro as Cotas Sociais do ano 2025.

Establécense como datas de pago na oficina social as seguintes:

- Primeiro Domingo de cada mes, de 12,30 h. a 13,30 h.

Tamén se podera facer efectivo o pago mediante ingreso na conta de ABANCA:

ES16 2080 0018 0630 4002 3694

É necesario facer constar o nome do Socio ou Socia no documento de ingreso.

A Xunta Directiva lembra que para o bo funcionamento da Sociedade é imprescindible que se abonen as cotas sociais dentro dos tres primeiros meses do ano en curso.



CONVOCATORIA DE ASEMBLEA XERAL

Convócase aos Socios e Socias desta entidade á Asemblea Xeral Ordinaria.

Día: Venres, 31 de xaneiro de 2025

Hora: 19,30 h. (primeira convocatoria); 20,00 h. (segunda convocatoria)

Lugar: Sala de usos múltiples (baixo social)

Orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da Asemblea anterior
2. Balance económico do exercicio 2024.
3. Balance de xestión do exercicio 2024.
4. Renovación da Xunta Directiva
5. Rogos e preguntas



ACTIVIDADES NO NADAL

Xoves 19: Festival de Nadal. Ás 19h no Centro Social.

Actuacións dos grupos municipais de ximnasia rítmica, coro, escola de música e baile tradicional e grupo de teatro "Pena Furada". Tamén se fará entrega dos premios do concurso de tarxetas de Nadal.

Xoves 2 de xaneiro: Espectáculo de humor para nenas e nenos a partir de 3anos. **Ás 12h. no Centro social.**

As Sircópatas traerán a Rogelio, un pallaso en recuperación. Un espectáculo divertido de maxia, malabares e incluso escapismo debaixo da auga. Dani Polo foi o Mago mais novo de Galicia e conta con varios premios nacionais.



Domingo 5 de xaneiro: Cabalgata

O día 5 a partir das 16 horas os Reis Magos visitarán a tódolos nenos e nenas do municipio pasando polos locais sociais do Concello. En cada local se celebrará unha festa con merenda e agasallos.

-16.00 na residencia de maiores Fonte do Santo

-16.20 no local social de Queirós

-17.00 na residencia de maiores "Santa Mª de Ois"

-17.20 no local da Sociedade Fillos de Ois

-18.00 no Centro Social de Coirós

Colaboran as asociacións "Collantres" e "Fillos de Ois".



RENOVACIÓN DE PORTAS

Persoas descoñecidas entraron no Edificio Social provocando danos nas portas de varias dependencias. A Xunta Directiva presentou a correspondente denuncia dos feitos.

Tamén se dou conta á compañía aseguradora que procedeu á reparación e substitución das portas deterioradas.



IMAXES DA FESTA DO SOCIO E DO MAGOSTO

A Festa do Socio é a actividade máis concurrida, numerosa e, tal vez, a máis agardada polos socios e socias de Fillos de Ois.

Este ano foi o 10 de agosto cando disfrutamos dun bo xantar, unha longa sobremesa con baile e conversas distendidas e compartidas.

Os máis pequenos puideron disfrutar dun inchable instalado para a ocasión.



O 9 de novembro tivo lugar o magosto nas instalacións sociais. Programáronse actividades para os máis pequenos e houbo degustación de castañas e liscos con algo para beber. Un momento para compartir bo humor e boa compañía.



FESTAS PATRONAIS

A Comisión de Festas, integrada por Andrea e Laura, organizaron as festas patronais que presentaron algunhas novidades respecto a anos anteriores. Así, houbo unha festa da espuma e, o segundo día, a orquestra comezou máis cedo a verbena, o que agradeceron a maioría dos asistentes.



As integrantes da Comisión rematan e animan a que outras persoas collan o relevo e así poder seguir disfrutando das festas e verbenas en Santa María de Ois.



O GLOBO DE BETANZOS CAEU EN OIS

O globo de papel máis grande do mundo, que cada 16 de agosto se lanza en Betanzos, veu caer a Ois neste ano 2024.

O aerostato quedou enganchado nuns eucaliptos, de uns 30 metros de altura, no monte que está por detrás do Fontelo. O suceso fixo que moitos curiosos, tanto veciños de Ois como doutros lugares, fixeran unha “peregrinación” para ver os restos pendurados das árbores.



ROMARIAS DAS MARIÑAS

Xosé María Veiga Ferreira ven de publicar un novo libro *Romarias das Mariñas*, editado pola Fundación Luis Monteagudo. Trátase dun percurso polas romarías de carácter relixioso da bisbarra.

Romarias das Mariñas é unha investigación documental, así como un extenso traballo de campo, complementado con mapas, imaxes e curiosidades deste importante patrimonio cultural popular da zona. A presentación tivo lugar no Liceo de Betanzos e correu a cargo de Alfredo Erias, Presidente da Fundación Luis Monteagudo, así como do propio autor.

Referidas ao concello de Coirós, o libro recolle as romarías de San Brais en Caresma, Frai Pedro en Ois e Santa Baia en Espenuca. Tamén se fai mención á desaparecida romaría de Santa Catalina en Santa María de Ois.



HOMENAXE A COIRÓS EN XANTAR

O 25 de outubro de 2024 celebrouse o I Campionato de Tortilla de Patacas de Galicia coincidindo coa 25ª Edición da Feira de Turismo e Gastronomía Xantar, en Ourense.

O xoves 24 pola tarde tivo lugar un especial recoñecemento a Coirós e a tres veciños do noso Concello que tiveron un papel determinante na orixe e relevancia actual da tortilla de patacas.

En primeiro lugar participou Carne Tomé de “Casa Tomé, Casa das Tortillas” que mostrou a tortilla feita na lareira que a súa familia ven facendo desde mediados do século pasado.

No transcurso do acto, Carlos Boado, do Restaurante El Caserío de Tión, fixo unha tortilla de Coirós que puideron degustar os asistentes.

A continuación foi José Manuel Crespo, “Crispi” quen recibiu a merecida homenaxe. Crispi, neto de Elvira da taberna dos Chas, rexentou o restaurante “El Manjar” na Coruña. Foi campión de España do concurso de tortilla no ano 1999. Tamén elaborou unha tortilla que probaron os asistentes.

En terceiro lugar, foi Pablo Tomé nado en Coirós. Pablo foi quen impulsou o Concurso e a Semana da Tortilla de Betanzos no ano 2007 como concelleiro na Corporación Municipal de Betanzos.

Por último, tivo lugar un debate sobre “Historia, presente e futuro da Tortilla de Betanzos” no que participaron: Alberto García Ponte, “Mesón O Pote”; Rafael García Santos, “Organizador do Campionato de España e do Congreso da Tortilla de Patacas”; José Manuel Crespo, “Restaurante El Manjar”; Pablo Tomé “impulsor do Campionato de Betanzos como Concelleiro de Turismo en 2007”; Carlos Olabuenaga, “Bar Tizona” Logroño; Celia Clara Correia, “Restaurante La Teulada” Elche; e Miguel Gayoso, investigador das orixes.

Tamén asistiu ao acto Jorge Boado, concelleiro de Coirós, que participou na entrega de agasallos.






ERMIDAS E CAPELAS DESAPARECIDAS EN COIRÓS

Deducimos que era unha capela anexa ó antigo pazo que a familia dos Pardo tiñan en Coirós de Abaixo (Martínez Barbeito, 1978:141-142).

A antiga casa dos Pardo seguramente sexa a coñecida como «O Caserón», onde teñen oído dicir os veciños que había un antigo mosteiro

Miguel Gayoso Barreiro



No Anuario Brigantino número 37, correspondente ao ano 2014, publícase un amplo e documentado estudo sobre ermidas e capelas

desaparecidas nas Mariñas. Os autores, Xosé María Veiga e Juan Sobrino, son bos coñecedores da nosa bisbarra e teñen publicados moitos traballos a través dos que descubrir a riqueza patrimonial e a historia dos concellos que conforman esta comarca natural da que forma parte o concello de Coirós.

documentadas cinco capelas, aínda que a capela de Santa Catalina non está localizada e podería coincidir coa de Santo Domingo. Esas construcións deixaron de ter uso relixioso, ou se atopan en ruínas, e están recollidas no citado traballo publicado no Anuario Brigantino:

https://anuariobrigantino.betanzos.net/AB2014PDF/253_310_veiga_sobrino_ermidas_capelas_desaparecidas_Anuario_Brigantino.pdf

Os textos que describen as capelas reproducense literalmente do citado artigo de Xosé María Veiga e Juan Sobrino. As imaxes que ilustran este traballo son actuais e reflicten a situación actual das construcións que albergaron a construcións de uso relixioso no seu momento.

No noso concello están

Capela de San Roque

Capela de San Pedro

Capela de Santo Domingo

SANTA CATALINA (Santa María de Ois)

Descoñecemos a situación desta ermida, aínda que supoñemos que se trataba da coñecida posteriormente como de Santo Domingo. Dela daba conta Jerónimo del Hoyo na Visita

eclesiástica realizada en 1607 (1950: 296):

Hay una hermita de Sancta Cathalina con una imagen muy devota de Nuestra Señora.




SAN ROQUE (San Xiao de Coirós)

Aparece esta capela ou ermida nos Libros Xerais de Visitas Pastorais (AHDS. Visitas Pastorais 1770-1777. Sig. 1270):

Hermita. La de San Roque, hallase en el lugar de Coiros de Abajo, ymediata a la esta sin uso e indecente, y respecto no hay razon de su ereccion, ni que tenga fondos...se destina a usos profanos: Mando S.J. se haga presente el cura al don Antonio quite inmediatamente retire el retablo, efigies y mas que sirva para celebrar..

Deducimos que era unha capela anexa ó antigo pazo que a familia dos Pardo tiñan en Coirós de Abaixo (Martínez Barbeito, 1978:141-142).

A antiga casa dos Pardo seguramente sexa a coñecida como «O Caserón», onde teñen oído dicir os veciños que había un antigo mosteiro (x:567218, y:4789040).



ESPENUCA (Santa Aia de Espenuca)



Está en ruínas esta igrexa construída no século XIX no medio da poboación (x:568137, y:4789787), tentando substituír a ermida do cumio por mandato do arcebispo de Santiago. Faise alusión á súa construción no ano de 1831 (AHDS. Libro de fábrica de Santa Aia de Espenuca):

...emplee en la obra de la iglesia mueba que por orden y mandato del Exmo. Señor Arzobispo de Santiago estoy edificando en este lugar de Espenuca.



SAN PEDRO (Santa Mariña de Lesa)

Estaba esta ermida no lugar da «Capilla» en Lesa (x:567976, y:4786931). Temos noticias dela nunha escritura de compraventa da casa nº 14 realizada en Betanzos en 1972 ante o notario Ramiro Prego (dato facilitado por Alfredo Espada) onde se di:

...unido a dicha casa la Capilla de San Pedro, hoy destinada a bodega con paredes de mampostería, que por su exterior mide ocho metros, siete decímetros de largo, por cinco metros, dos centímetros de ancho...

Carré Aldao (1980: T-V, 890) deixa testemuña da existencia a principios do século XX de tres imaxes de castaño - posiblemente góticas- que se conservaban na sancristía da igrexa parroquial de Lesa, e que desapareceron nos anos vinte. Unha delas era unha figura de San Pedro, que quizais procedese desta capela.



SANTO DOMINGO (Santa María de Ois)



Estaba esta ermida no lugar de Xora (x: 571803, y: 4787508), actualmente está formando parte dunha casa particular, e os propietarios son coñecidos como «Os da Capilla».

Aparece na documentación eclesiástica no último terzo do século XVIII (AHDS. Visitas Pastorais 1770-1777. Sig. 1270):

Capilla la de santo Domingo en terminos de esta parroquia es aniversario de legos con otra misa semanal, y el dia del patrocinio de Nuestra Señora una cantada... manda se haga atrio alrededor.

Antes de formar parte da casa a ermida tiña un espazo de campo arredor. A imaxe do santo levouna un crego da parroquia arredor de 1920 e descoñécese o seu paradeiro. É posible que esta ermida sexa a de Santa Catalina e cambiase de advocación ó facerse de padroado particular, xa que nas dúas se celebraba o día de Nosa Señora.



A SANTA MISIÓN EN COIRÓS

Disponemos que los misioneros vivan y coman solos, y que en la casa rectoral se guarde la mayor economía en todos los gastos; por lo cual, no excederán de ocho los Sacerdotes que concurren a comer en la misma, no durando la comida, ni estando sentados a la mesa más de una hora.

Manuel Fiaño Sánchez

A «Santa Misión» era unha campaña relixiosa que se levaba a cabo nunha parroquia durante varios días co obxecto de «evanxelizarse» ás xentes do lugar. Para elo un grupo de misioneiros organizaba varios actos públicos nos que trataban de revitalizar a vida relixiosa. Naceron co Concilio de Trento, entre 1545 e 1563, e a Igrexa en España usounos como unha canle de afianzamento na sociedade ata ben entrado o século vinte.

Durante todo o século dezanove e os primeiros anos do vinte utilizou a Igrexa este método como contrapunto ao proceso de secularización que vivía a sociedade, incrementado en boa



Cruz conmemorativa da Misión na fachada da igrexa de San Vicente de Fervenzas

medida coa chegada da 2ª República en 1931. Durante o período republicano esa actividade relixiosa viuse reducida, xa que o estado laicista non a favorecía.



Coa vitoria do bando franquista a situación mudou radicalmente e a Igrexa lanzouse a unha tarefa de «recatolización», apoiada polo estado ditatorial. Iniciouse así un proxecto no que as Misións terían un papel fundamental.

Para o bo resultado o Arcebispo de Santiago ditou unha serie de normas polas cales tiñan que rexerse todos aqueles que interviñeran nas Misións. Así, serían os curas os encargados de solicitálas, indicando a época mellor para realizala. A maioría tiñan lugar entre os meses de maio e setembro, xa que había que celebralas ao aire libre dada a gran asistencia de fieis.

Nunha Carta Pastoral de marzo de 1891 o Arcebispo de Santiago, José Martín de Herrera, ordenaba

que en cada Arciprestado houbera unha Misión cada quinquenio.

Os curas tamén tiñan que informar dos recursos cos que contaba a parroquia para afrontar os gastos necesarios, ben procedentes dalgunha testamentaria, de algunha asociación, dalgún donativo ou de calquera subscripción piadosa. Atopamos así unha celebrada o 29 de xuño de 1885 na parroquia de Santa María de Teo no arciprestado de Rivadulla, costeada pola testamentaría de dona Teresa Ulloa de Leis. Como as Misións esixían máis gastos que dos que contaba a parroquia, o Arcebispo dispoñía que na casa rectoral se gardara a maior economía en tódolos gastos, para o cal non excederían de oito os cregos que acudirán a comer a ela, non durando a comida nin estando sentados á mesa máis dunha hora, e retirándose de noite cada un á súa casa. Para evitar a aglomeración dos que acudirán aos oficios relixiosos os curas debían facer as quendas correspondentes, evitando no posible o regreso de noite «de lo cual se siguen graves inconvenientes», dicían. Para que a xente non confundira a Misión con unha romaría mandaban que se empregara tanto o tempo de ida como o de volta en rezar o Santo Rosario e en cantar os himnos propios da Misión, sen acompañamento de ningunha clase de instrumentos, procurando,

ademais, que houbera separación entre homes e mulleres. Ademais, *Prohibimos terminantemente que se den vivas a ninguna clase de personas, tanto en la iglesia como en el campo de la misión, donde no deben resonar sino los sollozos y los gemidos por los propios pecados, y las humildes oraciones al Padre de las misericordias, para que se reformen las costumbres; desapareciendo las blasfemias, las maldiciones, la profanación de los días festivos, la superstición de las carteras y de los exorcistas, la usura, el concubinato, la embriaguez, los hurtos sacrílegos, las riñas, heridas y muertes violentas, y todo cuanto mancha la pureza del hombre cristiano.*

Aínda que a Misión tiña como centro operativo unha determinada parroquia, implicaba ás parroquias veciñas e aos cregos das mesmas

El Señor Cardenal Arzobispo encarga a los señores Párrocos de una legua al menos en circunferencia el que la anuncien oportunamente y concurran a ella procesionalmente eon sus feligreses y que auxilien a los PP. Misioneros en el confesionario, auxilio que es de suma importancia en esa clase de tareas apostólicas.

Pola asistencia aos oficios relixiosos adoitaba concederse cen días de indulxencias. Ao toque de oración celebrábanse os exercicios para os homes e ás cinco da mañá para as mulleres, segundo a convocatoria dunha Misión celebrada na parroquia de San Agustín (Santiago) en abril de 1882.

Polo xeral, os misioneiros encargados dos actos eran Franciscanos do Colexio de Misioneiros para Terra Santa e Marrocos, Xesuítas, Dominicanos, . .

A Santa Misión en Coirós

En Coirós está documentada a realización de varias Misións. Unha delas levouse a cabo no ano 1912, dando comezo o día 22 de agosto e rematando o 31 do mesmo mes. Un total de nove días nos que os veciños de todo o concello acudiron aos actos relixiosos organizados polos misioneiros franciscanos chegados desde Lugo, Ramón G. Segade e Serafín de la Concepción.

Así o relataba *El Eco de Galicia*:



En esta parroquia dio principio el día 22 del corriente a una santa Misión, dirigida por los Reverendos Padres Franciscanos, Ramón G. Segade y Serafín de la Concepción. A esta parroquia llegaron los mencionados misioneros en el día anterior al que dio principio, acompañados por el presbítero de Betanzos don Francisco Faraldo que les esperaba en la estación del ferrocarril, dirigiéndose en coche por la carretera de Castilla hasta el límite de esta repetida parroquia en donde se hallaba el ilustre párroco D. José Rey Barreiro con todo el clero limítrofe y un gran número de personas que ansiaban oír las santas palabras de los ministros de Jesucristo.

A su llegada se dispararon gran número de bombas y el P. Segade, bajando del coche, se dirigió al clero y demás público, les dio las gracias por el recibimiento que les habían tributado, vanagloriándose por las muestras de catolicismo demostrado por el pueblo y parroquias inmediatas.

Desde dicho lugar se dirigieron a pie, entonando cánticos de la Misión, hasta el campo destinado al efecto, subiendo al púlpito el mencionado Padre, en donde saludó de nuevo a la concurrencia, exhortándola y disponiendo todos los actos que en lo sucesivo se celebrarían con tal motivo, dando por último gracias a Dios por tantos beneficios, y retirándose

luego a la Iglesia, acompañando a la Cruz parroquial y demás de las parroquias que limitan con esta, presenciando en ella el desfile de todas que marchaban a sus lugares con los feligreses que cantaban plegarias a la Santísima Virgen y a Jesús Sacramentado.

Satisfecho puede estar el celoso cura párroco de esta D. José Rey Barreiro, que con tanto acierto viene trabajando hace tiempo por el buen éxito de la Santa Misión.

O 31 de agosto a Misión despedíase dos fieis de Coirós.

Ayer terminó en la parroquia de Coirós la Misión que allí venían celebrando los reverendos franciscanos, PP Ramón y Delfín, de la residencia de Lugo.

La concurrencia fue numerosa en todos los ejercicios, así de la parroquia, como de otras contiguas y aún un tanto distantes.

La comunión general, celebrada en la mañana de ayer, fue de solemne importancia, por los varios miles de fieles que en ella figuraron.

El P. Ramón pronunció una conmovedora despedida que eterneció al auditorio.

Entre las muchas personalidades que asistieron a los ejercicios del último día, de las que veranean en aquella comarca, figuraban el alcalde de esa capital (Betanzos), señor Folla con su distinguida esposa.

En marzo de 1922 daba comezo outra na parroquia de San Xulián de Coirós a cargo dos Padres Mercedarios e en outubro de 1956 a Santa Misión volvía visitar o noso concello e así o recollía o periódico betanceiro *El Eco de las Mariñas* na crónica asinada por Lugilde

Del 3 al 13 de octubre que comienza, está anunciada una Santa misión a celebrar en la parroquia de Coirós, y seguramente en todas o gran parte de las del municipio, con la intervención de virtuosos P. misioneros.

De gran transcendencia para la vida del alma, esperamos que estos actos congreguen en el templo, el mayor número de feligreses con ánimo de enmienda y perseverancia. Así sea.

LUNAS DE AUTOMÓVILES
 MECÁNICA CHAPA Y PINTURA
 LÍNEA PRE-I.T.V. ELECTRICIDAD
 CONVENIO COMPAÑÍAS DE SEGUROS



TALLERES
CORUÑA

C/ Pérez Cepeda, 12
 15004 A CORUÑA
 Tif./Fax 981 141 435

RAPIDEZ, SERIEDAD Y GARANTÍA
 EN NUESTROS TRABAJOS

C/ Viñas de Babilonia, 8 Bajo
 15179 SANTA CRUZ - OLEIROS



LA HUERTA
FRUTERÍA - CHARCUTERÍA



Pedidos 660 102 109
 Servicio a domicilio Tel. 881 916 198

Preparamos bolsas de cumpleaños
 y encargos personalizados
 Golosinas, frutos secos, helados, dulces,...



Más que fruta

C/ Viñas de Babilonia, 13 Bajo
 Telf. 687 624 736
 15179 SANTA CRUZ - OLEIROS



INPAPE
SESORIA

María Fé Rubal - Ramón Rubal
 Brea, s/n. Guísamo
 Bergondo 15165 A Coruña
 Tel 981 796 608. Tel.Fax: 981 795 736
 e-mail: inpape@entorno.es



MADERAS CHELO

Manuel Vázquez Varela
 Parada, 8. Santa María de Ois
 15316 Coirós (A Coruña)
 Tífono. 629 852 013



OPTICA
Brigantium

OPTICA Brigantium
 Avda. Jesús García Naveira, 15
 15300 Betanzos
 Telf. 981 770 152



LAVANDERÍA INDUSTRIAL
LAS CAMELIAS

Concepción Arenal 95
 15300 Betanzos

administracion@lavanderialascamelias.com Tífono: 657 221 249



Pintura y Decoración
Julio Platas

Santiago de Ois, nº 59
 15316 Coirós (A Coruña) Tel. 981 79 81 10
 Móvil 699 45 12 47

CONSTRUCCIONES



Platas Rocha

Santiago de Ois, 18
 15316 COIRÓS (A Coruña) Tífono: 981 79 83 56 - 981 79 63 62

Tif. móvil 630 87 34 66



TOCHO

Telf. 981 770 515
 BETANZOS - A CORUÑA

Profesionales a su servicio
 Pinturas - Puertas - Ferretería
 Alquiler de Maquinaria



AGRO-PESCA RAFA
 COMERCIAL AGRICOLA

ABONOS 981 796 645 PESCA
 PIENSOS 628 800 786 PLANTAS
 SEMILLAS JARDINERIA

Queirís, 63. 15136 COIRÓS (A Coruña) agropescarafa@gmail.com



Clínica Dental
 Pardellas

CLÍNICA DENTAL PARDELLAS
 Tratamiento integral da túa boca coa última tecnoloxía
 Especialistas en cirurxía, implantes, prótesis e estética dental.
 Arreglo de rotura de prótesis nunha hora. Financiación a medida e sen intereses.
Rúa Caneiros nº 3 baixo dereita, Betanzos
 Pida a súa cita no 981 77 13 26 ou en www.clinicapardellas.com

MARTA PAZ

COIRÓS TAXI LIC. 4



657.252.044



Cervecería Vázquez
 saavedra meneses betanzos

Saavedra Meneses. 62 - 15300 Betanzos Tífono. 981 77 26 02



Samuel
 PORTES ESPECIALIZADOS
 PORTES - MUDANZAS - GUARDAMUEBLES
 676 082 325
www.samuelportesespecializados.com

Destinatario

Remite



S.C.R.D. FILLOS DE OIS
 Santa María de Ois
 Coirós 15316 A Coruña